

24

Mario Valles
Sobre o ser humano

24

Colección **RONSEL** Museo Provincial de Lugo

Mario Valles

DEPUTACIÓN DE LUGO Área de Cultura e Deportes
Antón Bao Abelleira Vicepresidente
Antonio Veiga Outeiro Deputado delegado
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO Aurelia Balseiro García Directora
CATÁLOGO
Colección Ronsel 24
Edita Museo Provincial de Lugo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo
Coordinación Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Textos Aurelia Balseiro García Ana Valles Castro
Fotografías Germán Limeres Fotografía do artista: Saúl Jiménez
Deseño gráfico e maquetación ta ta ta
Impresión Gráfic-Lugo
ISBN: 978-84-8192-452-7 Depósito legal: LU-13-2011
Primeira edición, febreiro de 2011

© **da presente edición** Museo Provincial de Lugo

© **dos textos** os seus autores

© **das fotografías** os seus autores

EXPOSICIÓN
Dirección e coordinación Aurelia Balseiro García
Comisaria Ana Valles Castro
Montaxe ta ta ta Unidade de Mantemento do Museo Provincial
Sala de exposicións do Pazo de San Marcos 10 de febreiro a 31 de marzo de 2011

<i>Sobre o ser humano</i> é o lema baixo o que se abeira a mostra que o escultor Mario Valles presenta na sala de exposicións do Pazo de San Marcos, integrada na programación expositiva do Museo Provincial de Lugo para o ano 2011.

Estamos seguros de que esta exposición —a primeira que este artista aborda de maneira individual, a pesar de que conta cunha traxectoria de máis de vinte e cinco anos de traballo— ha sorprender o público pola coherencia e solidez do proxecto expositivo e pola calidade intrínseca de todas e cada unha das pezas que nela se amosan.

<i>Sobre o ser humano</i> é unha proposta moi elaborada, cunha proxección temporal a longo prazo, unha realidade artística, edificada despois de anos de dedicación, que é produto dunha ardua e demorada reflexión e dun lento proceso de selección fundamente autocrítico. Valles comparece perante o público agora, no preciso momento en que considera que chegou ao punto axeitado de madurez para facelo, e comparte con todos os que se acheguen á mostra as súas inquedanzas sobre a condición humana e a plasmación das mesmas na súa loita dialéctica coa materia escultórica.

Os nosos parabéns a Mario Valles pola profundidade e transcendencia do seu proxecto, á comisaria da mostra Ana Valles e aos responsables da programación expositiva do Museo Provincial que traballan a cotío por ofrecernos a posibilidade de coñecer e admirar de primeira man ofertas culturais da calidade da que nos ocupa.
Antón Bao Abelleira Vicepresidente da Deputación de Lugo

AURELIA BALSEIRO GARCÍA

Sobre o ser humano

Nacidos bajo el signo de Saturno, é un vello libro de Rudolf e Margot Wittkower que estuda a condición do artista e as fontes da súa creatividade ao longo da historia. Pois ben, esta referencia vén a colación porque penso que Mario Valles é un creador que se achega ás características dun temperamento saturnino na tradición antiga: contemplativo, meditabundo, receoso, solitario, creativo.

É un anacoreta da arte porque vive por e para a súa creación sen importarlle o mundanal ruído, consegue illarse do entorno e ten moi claro cal ten que ser o resultado da súa idea creativa e, se non sae, tampouco ten reparos en destruír todo o realizado e volver a empezar. Así leva

vinte anos pensando no que quere expresar e de que xeito ata poder plasmalo. Agora é cando decide que está preparado para amosalo ao público e pasa da idea e da maqueta á realidade traballando na pedra ata conseguir aquilo que pretende, loitando coa súa maniática inquedanza de mellorar e perfeccionar volvendo sobre o mesmo moitas veces ata chegar ao que pretende e logo volta a empezar; cantos comezos frustrados, cantos exercicios introspectivos...

O seu proxecto leva xestándose moito tempo e mestura conceptos sobre a condición humana nun percorrido expositivo concreto e guiado dende a entrada, onde aparece como clara introdución catro cadros que conforman unha explicación gráfica da mostra, ata o audiovisual que remata a expresión da súa intención expositiva como colofón ás súas creacións artísticas.

Dentro da materia está a forma que loita por saír dun determinado xeito, as súas esculturas estaban xa na

propia pedra, como os escravos do gran artista Miguel Ángel, así a escultura intenta liberarse do seu cárcere de materia como se pode ver na metáfora das palabras intentando visualizarse e saír. Mario cre nesa premisa e escolle con minuciosidade e perfecta claridade a pedra que necesita para traballala coa mestría acumulada polos anos de experiencia mesturando a técnica da talla e o pulido co sentimental agarimo persoal pola obra creada.

Un dos obxectivos do Museo Provincial de Lugo é a promoción da arte galega contemporánea e dos seus novos creadores polo que esperamos e desexamos que Mario Valles continúe neste prometedor camiño da arte e que esta primeira exposición individual lle sirva de acicate para seguir coa súa carreira artística. Vaia tamén o noso agradecemento a todos os colaboradores deste proxecto e a súa comisaria.

ANA VALLES CASTRO

A esencia convertida en poesía

Sobre o ser humano é unha interpretación poética sobre cuestións inherentes ao máis profundo da nosa natureza.

Baseándose nunha formulación alegórica de cores e formas a exposición mostra o inmanente ao ser humano, a razón e, o emocional e o sensible; os seus desexos, os seus medos, o misterioso, e como isto inflúe nel e na súa traxectoria dende a orixe ata o final.

A condición humana, quen somos?, de onde vivimos?, a onde imos?, que nos inflúe no noso percorrido de principio a fin?, temos capacidade para dirixir a nosa propia vida?, que papel xoga a parte racional e a emocional nese traxecto?.

O artista formula todas estas cuestións dun xeito poético e envolvente, invitando ao espectador ao deleite e á reflexión, tanto sobre o ser humano como ser universal, como sobre a súa propia experiencia persoal como individuo, buscando así a experiencia subxectiva e interior do devandito

observador. Sen tratarse dunha postura dogmática, unicamente formula interrogantes, crea situacións e dúbidas, a partir dunha cuestión filosófica irresoluble.

Mario Valles é o artista da poética e a sensibilidade, cuxos comezos se remontan a principios dos noventa e que evolucionou de modo individual á marxe de agrupacións ou colectivos. Un artista que combina as investigacións sobre a materia e a forma coa súa propia concepción e experiencia de vida. Un creador de obras cuxo discurso teórico baséase en cuestións filosóficas universais tratadas sempre cun extremado carácter intimista.

Na súa primeira exposición individual, un proxecto totalmente persoal e froito da investigación estética e conceptual continua, mostra un conxunto de esculturas en pedra, que transforma en formas abstractas e figurativas, no seu particular mundo de alegorías artísticas. Cabe destacar de novo aquí o uso formal, expresivo e metafórico de tres cores, elementos claves na súa obra.



Ademais das diferentes series de esculturas en granito, o artista abre e pecha a exposición cunha serie de catro cadros “A condición humana” e unha instalación de vídeo “Sendeiros”, obras nas que as investigacións levadas a cabo na pedra se ven transferidas a novos soportes,

explotando novas posibilidades de creación, inferíndolle ás pezas, nun caso, bidimensionalidade e, no outro, a posibilidade de crear pezas tridimensionais baseadas na imaxe audiovisual, o son e o xogo co espazo. Estas dúas obras son ademais, claves conceptuais dentro do percorrido expositivo, actuando a primeira como idea primixenia e pura, e a segunda como conclusión da súa formulación creativa sempre aberta á interpretación e á reflexión por parte do espectador.

Sobre o ser humano é unha exposición na que Mario Valles ispe os seus sentimentos para plasmar a súa perspectiva sobre a condición humana, sobre o devir vital, e faino por medio dunha serie de obras que rodea dunha bruma evocadora que non deixa indiferente a quen as observa.

Nunca, nunca poderemos eludir a nosa condición

M. Valles



A *condición humana*
4 cuadros de 60 x 45 cm
Papel, chapa de ferro, acrílico, óleo
2010



**Sobre o ser humano:
unha historia sinxela**
6 pezas de 28 x 28 x 28 cm
56 pezas de 3,5 x 3,5 x 3,5 cm
Granito negro, cuarcita branca, óxido
2010





Escultura cova (útero)
45 x 45 x 39 cm
Granito negro, óxido
2010

Esculturas cova
8 pezas de diferentes medidas
Granito negro, cuarcita branca,
óxido
2010







Escultura molde
62 X 35 X 30 cm
Granito negro, cuarcita branca, óxido
2010



Escultura molde
42 X 35 X 35 cm
Granito negro, óxido
2010



Escultura molde
30 x 30 x 30 cm
Granito negro, óxido
2010



Escultura molde
70 x 68 x 65 cm
Granito silvestre, óxido
2010



Escultura molde
(7 pezas) 60 x 60 x 60 cm
Granito negro, cuarcita branca, óxido
2010



Escultura molde
43 x 35 x 35 cm
Granito negro, cuarcita branca, óxido
2010



Sen título
Esfera de 30 cm de diámetro
Cuarcita branca, resina, area, óxido
2010




Autorretrato
47 x 40 x 23 cm
Granito negro
2010



Sen título
10 pezas
8 de 50 x 40 x 22 cm
2 de 50 x 40 x 19 cm
Granito negro, granito silvestre, óxido
2010



O triunfo da razón
55 X 50 X 50 cm
Resina de poliéster, granito, óxido
2010



Sendeiros
Vídeo instalación
5'
2010

PONTEVEDRA, 1964

Mario Valles



Estudos na Escola de canteiros de Poio, Pontevedra.

En 1996 é contratado polo concello das Pontes para a realización de proxectos escultóricos na vila.

En 1997 profesor de escultura no taller organizado polo concello das Pontes (A Coruña)

EXPOSICIÓNS

2011

Sobre o ser humano. Pazo de San Marcos Museo Provincial de Lugo. Lugo

2009

Escultura “O mar”. Viveiro (Lugo)

2006

Certame de Escultura Arquitectónica (Artista invitado). Narón (A Coruña)

2005

Certame de Escultura Arquitectónica (Artista invitado). Narón (A Coruña)

1996

Grupo escultórico S/T. As Pontes (A Coruña)

1992

Grupo escultórico “Homenaxe a Enrique Chao”. As Pontes (A Coruña)

1990

“Outros artistas galegos”, Concello de Vigo. Vigo (Pontevedra)

1988

Carrefour dês regions d’Europe. Bretaña (Francia)
Semana Verde de Galicia. Silleda (Pontevedra)

1987

Novos Valores. Pontevedra
Fexdega. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

1986

Exposición en Ferrol con motivo do Mundo-Basket 86 en Ferrol (A Coruña)
“Solpor” Alameda de Marín (Pontevedra)
Semana Verde de Galicia. Silleda (Pontevedra)

1985

Vigomostra 85. Vigo (Pontevedra)
II Colectivo Arte-Cangas. Cangas do Morrazo (Pontevedra)
Semana Verde de Galicia. Silleda (Pontevedra)

1984

Vigomostra 84. Vigo (Pontevedra)
A escola no mosteiro de San Martiño Pinario. Santiago (A Coruña)

A Pepa, quen coa súa morte me ensinou a vida